

ACCESO DE CANS GUÍA E OUTROS CANS DE ASISTENCIA AO PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA

Agosto 2026

INFORMACIÓN BÁSICA

1. Que se considera can de asistencia?

Can recoñecido oficialmente para asistir a persoas con discapacidade. Inclúe tamén os cans de asistencia en formación.

2. Tipos de cans de asistencia:

- Can-guía: asiste a persoas con discapacidade visual.
- Can de servizo: axuda a persoas con discapacidade física.
- Can de asistencia en formación: en proceso de adestramento recoñecido oficialmente.
- NON se recoñecen os cans de soporte emocional nin os de servizo psiquiátrico.

3. Requisitos para acceder ao parque:

- Documentación oficial acreditativa da condición de can de asistencia expedida pola Comunidade Autónoma correspondente (ou de formación en curso, no caso de cans en formación).
- Documentación de identificación e sanitaria do can
- Identificación da persoa usuaria do can.

INFORMACIÓN DETALLADA

Normativa de referencia:

Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o acceso ao contorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia

Decreto 177/2018, do 27 de decembro, polo que se aproba o Plan reitor de uso e

xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia

Artigo 32 da Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de modificación da Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o acceso ao contorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia.

ACCESO AO PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA

Poderá autorizarse o acceso ao Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia de todos aqueles cans de asistencia que reúnan os requisitos do seguinte apartado (3 ¿QUE REQUISITOS DEBE CUMPRIR UN CAN DE ASISTENCIA?)

1 ¿QUE SE CONSIDERA CAN DE ASISTENCIA?

Considérase can de asistencia aquel que, tras superar un proceso de selección xenética e sanitaria, finalice satisfactoriamente o seu adestramento nun centro oficialmente recoñecido ou homologado na Comunidade Autónoma conforme á normativa de aplicación para a formación de cans destinados ao acompañamento, condución e auxilio das persoas con discapacidade, e sexa recoñecido e identificado na forma establecida na Lei 10/2003.

Por outra parte, considérase can de asistencia en formación aquel ao que se lle recoñece tal condición pola consellería competente en materia de servizos sociais ao estar este en proceso de educación, socialización e adestramento para dar asistencia a persoas con discapacidade. Os cans de asistencia en formación terán a consideración de cans de asistencia para os efectos de acceso ao Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia.

2 ¿QUE TIPOS DE CANS DE ASISTENCIA EXISTEN?

- a) Can-guía: aquel individualmente adestrado para acompañar, conducir e auxiliar ás persoas cegas ou con deficiencia visual.
- b) Can de servizo: aquel individualmente adestrado para auxiliar ás persoas con discapacidade física no desenvolvemento das tarefas propias da vida cotiá.
- c) Can de asistencia en formación: aquel ao que se lle recoñece tal condición pola consellería competente en materia de servizos sociais ao estar este en

proceso de educación, socialización e adestramento para dar asistencia a persoas con discapacidade.

Regulamentariamente poderá recoñecerse como cans de asistencia calquera outro que reúna as condicións necesarias. Actualmente non existen outros tipos recoñecidos. En concreto, non está recoñecida normativamente a figura de can de soporte emocional nin a de can de servizo psiquiátrico. Expresamente na normativa, quedan excluídos desta denominación os cans utilizados como elementos de apoio no ámbito terapéutico.

3 ¿QUE REQUISITOS DEBE CUMPRIR UN CAN DE ASISTENCIA?

Para acceder ao Parque Nacional debe presentarse a seguinte documentación:

a) Documentación oficial acreditativa da condición de can de asistencia expedida pola Comunidade Autónoma correspondente, que acredite que o can adquiriu as aptitudes de adestramento necesarias para levar a cabo as funcións de acompañamento, conducción, auxilio e alerta das persoas con discapacidade.

No caso dos cans de asistencia en formación, deberase acreditar que o can se atopa no proceso de educación, socialización e adestramento para dar asistencia a persoas con discapacidade nun centro oficialmente recoñecido ou homologado na Comunidade Autónoma conforme á normativa de aplicación para a formación de cans destinados ao acompañamento, conducción e auxilio das persoas con discapacidade.

b) Documento sanitario e de identificación que acredite o cumprimento das condicións hixiénicas e sanitarias ás que se refire o artigo 6 da Lei 10/2003

c) Identificación da persoa usuaria do can de asistencia.

4 ¿QUE OBRIGAS TEN A PERSOA PROPIETARIA?

a) Manter o can ao seu lado, coa suxeición que en cada caso proceda. O can deberá portar un collar e estar suxeito por unha correa. No caso dos cans-guía, deberá tamén levar un arnés.

b) Levar identificado o can de asistencia de forma visible, mediante o distintivo oficial que regulamentariamente se determine.

- c) Exhibir, cando lle sexa requirida, a documentación sanitaria do can de asistencia e a acreditativa da súa condición.
- d) Manter as condicións hixiénico-sanitarias do can, conforme ao establecido na presente lei.
- e) Cumprir e facer cumprir as esixencias de respecto, bo trato, defensa e protección do can.
- f) Utilizar exclusivamente o can de asistencia para aquelas funcións para as que foi adestrado.
- g) Cumprir e respectar as normas de hixiene e de seguridade nas vías e lugares públicos ou de uso público, na medida en que a súa discapacidade llo permita.
- h) Manter subscrita unha póliza de responsabilidade civil para prever eventuais danos a terceiros causados polo can de asistencia.
- i) As demais que impoña a normativa sectorial ás persoas posuidoras de animais de compañía, na medida en que lles sexa de aplicación.